

ACTA REUNIÓN COMITÉ DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Ana Comesaña Álvarez, Vicexerente de Persoal
José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo
de PAS

M^a Carmen Pérez Martínez, Xefa Sección
Xestión de PAS

Margarita González Hernández, Xefa Sección
Emprego e Programas, Secretaria

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge

Ángel Torreiro Varela

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (non asiste)

Xan Cebro Rodríguez (non asiste)

Xosé Henrique Macías Cambra (non asiste)

Acta da reunión celebrada ás 12:15 horas do día
21 de outubro de 2009, na sala de xuntas nº 1 do
Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa
asistencia das persoas que se citan á marxe e de
acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- Convocatoria de selección para a
contratación temporal de tres prazas de
Técnico/a Superior de Calidade.

2º.- Convocatoria de selección para a
contratación temporal dunha praza de Técnico/a
Superior de Xestión Ambiental

A Vicexerente de Persoal explica dúas cuestións previas, a primeira é que non está como punto na orde do día a aprobación das actas anteriores que son a de constitución e a do día 28 de agosto que se aprobarán e asinarán na vindeira reunión, a segunda é que informa aos presentes que na primeira quincena de cada mes se enviará aos órganos de representación dos traballadores a información coa memoria xustificativa das contratacións fóra de RPT realizadas no mes anterior.

1º.- Convocatoria de selección para a contratación temporal de tres prazas de Técnico/a Superior de Calidade.

Despois de discutir o borrador presentado se acorda que:

- a) todas as referencias a “o tribunal” sexan substituídas por “a comisión”.
- b) Na base terceira apartado 2.a) hai que axustar a puntuación ao que dí o convenio colectivo.
- c) A base terceira apartado 2.c) queda redactada: “Formación relacionada coa categoría: acreditada suficientemente e impartida por entidades autorizadas legalmente ou recoñecidas por un organismo oficial.” Ademais no cadro engádesse outra fila para aqueles cursos de 500 ou máis horas que terán 4 puntos, e as referencias a “acción

formativa” substitúense por “curso”. Tamén se elimina o último párrafo no que e concretaba o que se entende por formación relacionada coa categoría.

2º.- Convocatoria de selección para a contratación temporal dunha praza de Técnico/a Superior de Xestión Ambiental

Despois de discutir o borrador presentado se acorda que:

- a) todas as referencias a “o tribunal” sexan substituídas por “a comisión”.
- b) Na base terceira apartado 2.1 se introduce unha proba práctica co mesmo reparto de punto que na convocatoria de T.S. de Calidade.
- c) Na base terceira apartado 2.a) hai que redactalo igual que no acordo de selección de temporal e hai que axustar a puntuación ao que dí o convenio colectivo.
- d) A base terceira apartado 2.c) queda redactada: “Formación relacionada coa categoría: acreditada suficientemente e impartida por entidades autorizadas legalmente ou recoñecidas por un organismo oficial.” Ademáis no cadro engádese outra fila para aqueles cursos de 500 ou máis horas que terán 4 puntos, e as referencias a “acción formativa” substitúense por “curso”. Tamén se elimina o último párrafo no que e concretaba o que se entende por formación relacionada coa categoría.
- e) Elimínase o anexo de funcións e na exposición previa ás bases da convocatoria indícaranse as funcións xenéricas correspondentes coa memoria de creación da categoría.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:50 horas.